

# Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



## *Tritonia x crocosmiflora* (Lemoine) G. Nicholson

Esta rechamante iridácea conseguida en Francia en 1880 procede da hibridación de dúas especies sudafricanas, *Tritonia aurea* Pappe e *Tritonia pottsii* (Baker) Baker.

Foi citada por primeira vez para Galicia en 1986. Escapada de xardíns, invade ambientes riparios, herbazais húmidos, etc., en especial de maneira vexetativa, aínda que tamén produce sementes. Aínda que non soporta ben as xeadas, pódese rexenerar perfectamente na primavera seguinte grazas aos seus tuberobulbos e rizomas.

En Galicia é especialmente problemática ao colonizar salgueirais e ameneirais.

